

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/10/2021 16:43:59

SAIDA

16780/21

Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 151/2021

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED], mediante escrito do 15 de xaneiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único.- [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a falla de execución do acceso á información solicitada ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais tras as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 38/2021, Rec. 7251/2019, e Sentenza 96/2021, Rec. 7270/2019.

O reclamante indicaba que tras a sentenza ditada con data do 29 de xaneiro de 2021 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sentenza 38/2021, Rec. 7251/2019) se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por la representación procesual da Cámara Oficial Minera de Galicia, contra a resolución da Dirección xeral da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 26 de abril de 2019 pola que se permite o acceso á información solicitada e en data 08 de marzo de 2021 o mesmo Tribunal mediante sentenza 96/2021, desestima o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual da

Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) contra la resolución da dita Dirección Xeral do 26 de abril de 2019, que permite o acceso á información solicitada, non se recibiu a dita información. Polo que considera vulnerado o seu dereito de acceso á información pública

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

A entidade reclamante presentou, con data do 15 de xaneiro de 2021, reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia (expediente RSCTG 6/2021), contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, aos expedientes relativos ás axudas concedidas para as actuacións nas "Campaña que sabes dos áridos. Segunda fase", "Plan de comunicación dixital da minaría sustentable de Galicia 2019", "Recuperación de posta en valor do patrimonio mineiro galego", "Elaboración 22 número de «Os áridos. Un día na canteira con Lagartiño»", "Plan de comunicación dixital da minaría de Galicia", "Patrimonio mineiro" e "Creación de unidades didáctica sobre minaría para nenos", que foi inadmitida por resolución do 27 de abril, de 2021, por ser a reclamación extemporánea.

Na presente reclamación, a entidade interesada non reclama contra a falla de contestación duna solicitude de acceso á información ou desacordo coa resolución ditada, senón que está a solicitar a execución dunha resolución administrativa contra a que se interpuxo por dúas entidades, recurso contencioso-administrativo que segundo din, foi desestimado, confirmando as ditas resolucións.

A Comisión da Transparencia de Galicia non foi parte en nos ditos procedemento contencioso-administrativos, e carece de competencias para executar ou instar a execución de sentenzas

xudiciais, que de conformidade co disposto no artigo 103 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa, a potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais que coñecesen do asunto.

De acordo co anterior, ao non ser o obxecto da reclamación a impugnación dunha resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, procede a inadmisión da reclamación, de acordo co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao non tratarse dun acto susceptible de recurso ante esta Comisión.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data do 29 de setembro de 2021, contra a falla de execución do acceso á información solicitada ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais tras as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 38/2021, Rec. 7251/2019, e Sentenza 96/2021, Rec. 7270/2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.10.28 12:32:01 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.